

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día oito de novembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros e o Sr. concelleiro D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 2 DE NOVEMBRO DE 2022 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións extraordinarias celebradas en datas 2 e 3 de novembro de 2022, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións extraordinarias realizadas en datas 2 de novembro de 2022 e 3 de novembro de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde de 28 de outubro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se amplía o prazo de execución e xustificación dos investimentos establecido no artigo 20 da Orde de 11 de maio de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a entidades locais para actuacións de adecuación das pistas multideporte nos centros de educación infantil e primaria e nos centros públicos integrados non universitarios, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento D500A). DOG núm. 210 de 04-11-2022.

- Resolución de 24 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2023 correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. Figura o Concello de Cambre coas festas laborais 21 de febreiro, martes de entroido e 16 de agosto, festa local de Cambre. DOG núm. 211, de 07-11-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. PROPOSTA DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA Á EMPRESA CANARGA, S.L., ADJUDICATARIA DA OBRA “RENOVACIÓN DO FIRME NA RÚA ISAAC PERAL, POLÍGONO DO ESPÍRITO SANTO, CAMBRE. (OBRA COFINANCIADA CON FONDOS EUROPEOS FEDER, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE GALICIA 2007-2013)”. EXPEDIENTE 13/31-6 OB (TEDEC: 2022/X006/000217)

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de outubro de 2022 (CVD: LQzjmHDyliboeECOL1ZI), relativa á “devolución de garantía definitiva á empresa Canarga, S.L., adjudicataria da obra renovación do firme na rúa Isaac Peral, polígono do Espírito Santo, Cambre. (obra cofinanciada con fondos europeos FEDER, no marco do programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013)”. Expediente 13/31-6 OB (TDEeC: 2022/X006/000217, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que con data 18 de outubro de 2013, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade Canarga, S.L., para a obra “Renovación do firme na rúa Isaac Peral, polígono do Espírito Santo, Cambre. (obra cofinanciada con fondos europeos FEDER, no marco do programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013)”. Expediente 13/31-6 OB.

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva por aval bancario de data 9/10/2013 e importe de 5.394,05 euros, depositado na Tesourería municipal con número de rexistro 572 e data do 11/10/2013, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxeción ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 02 de xuño de 2022, (CVD: zqb9/BHOazGVLxZ8dpG+).

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 27 de outubro de 2022, (CVD: XkYGN4ePkQWYV/C6h81T).

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 235 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “Canarga, S.L.”, no expediente número 13/31-6 OB para a obra “Renovación do firme na rúa Isaac Peral, polígono do Espírito Santo, Cambre. (obra cofinanciada con fondos europeos FEDER, no marco do programa operativo FEDER de Galicia 2007-2013)”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de outubro de 2022 (CVD: LQzjmHDyliboeEC0L1ZI), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 28 de outubro ao 3 de novembro do 2022, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 1867/2022 e rematan coa Resolución da Alcaldía núm. 1891/2022, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1867/2022	28-10-2022	Convocatoria Xunta de Voceiros extraordinaria día 3 de novembro de 2022 ás 10:00 horas, PXOM



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1868/2022	28-10-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de novembro de 2022
1869/2022	28-10-2022	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes, por inscrición indebida a dona IMTR de P
1870/2022	29-10-2022	Aprobación de lactancia e vacacións de SGC
1871/2022	29-10-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de outubro 2022
1872/2022	29-10-2022	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas - Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2021-2022 correspondente ao mes de setembro 2022
1873/2022	31-10-2022	Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas e gastos por importe de 2.470,40 euros
1874/2022	31-10-2022	Aprobación lista definitiva de admitidos/excluídos docentes de enerxía e auga e instalacións e mantemento
1875/2022	31-10-2022	Aprobación de certificación correspondente á obra acondicionamento dos camiños municipais de san lourenzo cara ao pinar e cara á torre e barreiros" (plan único de concellos) POS+2020 e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe 29.551,73 euros, así como o seu pagamento. (CERT num 5)
1876/2022	31-10-2022	Aprobación certificación num 3. dobra arreglo de camiños municipais fase II
1877/2022	31-10-2022	Declarar prescrita a infracción consistente na división da nave sita na parcela 135, rúa Isaac Peral, do polígono industrial do Espírito Santo, Cecebre, en tres módulos, sen título habilitante municipal
1878/2022	31-10-2022	Avocación de competencias da segunda tenente de alcalde dona Lúa Sanguiniedo Álvarez dende o día 28 de outubro ata a súa reincorporación
1879/2022	31-10-2022	Ofertar os postos vacantes ao resto de vendedores ambulantes do recinto feiral do Campo da Feira de Cambre
1880/2022	31-10-2022	Convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 3 de novembro de 2022
1881/2022	02-11-2022	Aprobar o proxecto denominado "Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros. Cambre 2022", redactado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, por importe de 457.321,77€
1882/2022	02-11-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación a R.C.C.T. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
1883/2022	02-11-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación a F.C.S. por esgotar o período máximo de concesión establecido na ordenanza reguladora
1884/2022	02-11-2022	Denegar a axuda emerxencia social alimentación a M.E.D.D. por superar o límite de aforro establecido na ordenanza reguladora
1885/2022	02-11-2022	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro a T.P.A.S. por importe de 360 euros
1886/2022	02-11-2022	Conceder a axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro a M.A.V.C. por un importe total de 760 euros.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1887/2022	02-11-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a M.R.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1888/2022	02-11-2022	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a M.M.M.P. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1889/2022	02-11-2022	Designación do secretario suplente na mesa de contratación no expediente do contrato mixto dos "Suministros e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023"
1890/2022	02-11-2022	Aprobación da modificación do título da obra "Mantemento de camiños municipais, Cambre 2022. 2ª Fase2", por "Mantemento de camiños municipais nas parroquias de Bribes, Cecebre e outros. Cambre 2022".
1891/2022	02-11-2022	Complementar a Resolución de data 17 de xullo de 2019 e acordar que no caso de que o día prefixado para a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local (todos os martes ás 09:00 horas) coincida en festivo celebrárase co mesmo carácter de ordinaria o día seguinte hábil á mesma hora

5º.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai ningún rogo e ningunha pregunta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo